



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE MONFERO O DÍA SEIS DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE E SEIS (3/2026)

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Monfero, ás dez horas e trinta e dous minutos, do día seis de febreiro de dous mil vinte e seis, en primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Primeiro Tenente de Alcalde, D. Alberto Cortizas Rejo, en funcións de Alcalde por enfermidade D. Sr. Alcalde, D. Andrés Feal Varela, reúnen os Sres. Concelleiros do PSOE: D. José Grueiro Torrado e D. Ramón Grueiro Martínez, a Sra. Concelleira e os Sres. Concelleiros/as do PP: D.^a M.^a Belén Salido Maroño, D. José Tojeiro Mosquera, D. Ángel Grueiro Filgueiras e D. Ramón Blanco Filgueiras; e o Sr. Concelleiro do BNG: D. Manuel García Deive, para o efecto de celebrar a sesión extraordinaria convocada para ese día as dez horas e trinta minutos. Como queda dito, non asiste D. Andrés Feal Varela. Actúa como Secretaria en réxime de acumulación: D.^a Ana Ramos Ramos.

Os asuntos da orde do día son os seguintes:

1. Aprobación do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) “POS+ 2026”

1. APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS+ 2026”

O Sr. Alcalde indica que o goberno pretende someter a votación do Pleno é o POS +2026, que ofrece todos os anos a Deputación da Coruña e procede a explicar a súa proposta.

“PROPOSTA QUE FORMULA A ALCALDÍA

Xestión de Propostas 2026/G006/000021

APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS+ 2026”

Logo de ver a circular da Deputación Provincial da Coruña, sobre a aprobación das Bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS+ 2026, as bases publicadas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm. 231, correspondente ao día 2 de decembro de 2025, os proxectos técnicos, anexos e demais informes e documentación elaborada para solicitar a inclusión do Concello no mencionado Plan, propóñolle ao Pleno da Corporación que adopte os seguintes acordos:

- 1.-Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2026” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo á "achega provincial 2026" e con cargo á "achega provincial 2025":

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2026:

	Deputación
Achega provincial 2026 aplicada ao financiamento de gastos correntes	273.524,51
Achega provincial 2025 aplicada ao financiamento de gastos correntes	0
Subtotal gasto corrente	273.524,51

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2026	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
Denominación da obra ou da subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
MEJORA DE CAMINO EN VITE, PARROQUIA DE QUEIXEIRO	95,122,89	0		0	95.122,89
Subtotal investimentos achega provincial 2026	95,122,89	0		0	95.122,89

ACHEGA PROVINCIAL 2025 (Investimentos financeiramente sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
Denominación da obra ou da subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

PAVIMENTACIÓN VIALES EN LAS PARROQUIAS DE SANTA XIA, VILAHÁ, SAN FIZ, VAL XESTODO, ALTO XESTOSO Y QUEIXEIRO	390.989,67	27.223,20		27.223,20	418.212,87
Subtotal investimentos achega provincial 2025	390.989,67	27.223,20		27.223,20	418.212,87

Aprobar, aos únicos da solicitude do Plan POS+2026, os investimentos que se relacionan nestas táboas.

C) Resumo:

POS+ 2026 RESUMO DE FINANCIAMENTO		Deputación	Concello			Orzamento Total
			Concello	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecementos de auga potable)	Total concello	
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2026	273.524,51				273.524,51
	Achega 2025	0,00				0,00
B- INVERSIONES	Achega 2026	95.122,89	0		0	95.122,89
	Achega 2025	390.989,67	27.223,20		27.223,20	418.212,87
C- TOTAL	Achega 2026	368.647,40	0		0	368.647,40
	Achega 2025	390.989,67	27.223,20		27.223,20	418.212,87
	TOTAL	759.637,07	27.223,20		27.223,20	786.860,27

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2026 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar, aos únicos efectos da solicitude do POS +2026 os investimentos que se indican:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% da achega provincial 2026)	(A) Orzamento de contrata	(B) IVE soportado deducible (encher esta columna se hai actuacións de abastecemento de auga potable)	(C) = A-B Orzamento subvencionable (Diferenza entre a columna A e a B)
---	------------------------------	--	--

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

		con IVE deducible)	
REHABILITACIÓN DE LA ESCUELA UNITARIA DE XIAO PARA ALBERGAR UN PROGRAMA DE VIVIENDA UNIFAMILIAR	241.984,51		241.984,51
MEJORA PAVIMENTACIÓN EN LAS PARROQUIAS DE SAN FIZ, VAL XESTOSO Y ALTO XESTOSO	119.011,50		119.011,50
TOTAIS	360.996,01		360.996.01

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que se atopa en tramitación todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias, sen prexuízo do indicado nos informes do Arquitecto municipal e da Secretaría -Interventora que obran no expediente, para cada un dos investimentos detallados.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal aos investimentos incluídos no POS+2026 Base, se a houbera, procedentes dos propios recursos presupostarios ordinarios do concello ou de ingresos procedentes de operacións de crédito con entidades financeiras.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo.”

O Sr. Alcalde en funcións pregunta se hai algunha intervención.

Intervén a Sra. Concelleira do Partido Popular, D.^a María Belén Salido Maroño, indicando que queren deixar claro que ao seu grupo non o chamaron para pedirles opinión, para levar a cabo a repartición dos cartos dese plan, e que están a ver que polo menos se incluíu unha obra que estaba aprobada en Pleno dende o

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

ano 2024, que é a obra que se vai a realizar en Queixeiro, que polo menos despois de tanto tempo aprobada contaron con ela.

Continua a Sra. Concelleira incidindo en que o seu grupo non participou no reparto, e é un reparto que no ven proveitoso para a veciñanza, que se ben e certo que hai moitas pistas en mal estado, como a pista que vai á cooperativa, que é unha vergoña que unha entrada dun negocio, dunha cooperativa que é frecuentada por tanta xente ver como está aquilo da bastante vergoña velo así, e compracelles que o metesen tamén, pero que quedan moitas outras sen meter, e que se verá cando acabe o inverno como vai estar o estado das pistas no Concello, posto que xa presentan fochancas e un estado do firme pésimo, e que cando acabe de chover e pase o inverno veremos como temos que circular polas pistas.

Continua indicando que lles sorprende ver 241.000 euros para a rehabilitación da escola do Val Xestoso, e pregunta se é para a parte de arriba da escola ou soamente para unha ala.

O Sr. Alcalde respóndelle que é para a parte de arriba a maioría, menos aquel cachiño que hal.

A Sra. Concelleira D.^a María Belén Salido indica que alí fai anos xa se rehabilitou e xa houbo unha vivenda.

O Sr. Alcalde comenta que aquilo é moi pequeniño.

A Sra. Concelleira do Grupo Municipal Popular pregunta novamente se se vai a coller todo ou soamente a parte da dereita.

O Sr. Alcalde respondelle que solo a parte da dereita.

D.^a María Belén Salido continua indicandolle ao Sr. Alcalde que lles sorprende que se invirtan alí estes cartos, cando entre o 2011 e o 2015 se preparou alí unha vivenda e despois entraron eles a gobernar e faleceu a persoa que estaba vivindo alí e deixaron aquilo sen ningún tipo de protección e todo aberto, polo que se acabou destruindo todo e levaron todo e agora queren volver a invertir sobre o invertido antes.

O Sr. Alcalde indicalle que sobre o invertido antes non, que unha parte que non está ben, se for a unha familia con nenos, que serán sobre 20 metros cadrados, que ten unha cociña unha cama e unha ducha e nada máis, e non se pode meter alí unha familia, porque non cumpre habitabilidade.

A Sra. Concelleira lle preguntalle se teñen pensado alquilala a unha familia con nenos, que a unha familia se non ten nenos non lla alquilan, respóndelle o Sr. Alcalde que é para alquilar a quen queira vir, pero que no caso de que cando se quite a ordenanza veña unha familia con nenos en 20 metros cadrados non se poden meter alí, que teña unhas requisitos mínimos de habitabilidade, que o arquitecto xa dixo que aquilo non valía, que con aqueles metros cadrados non o aprobarían na Deputación.

A Sra. Concelleira respóndelle que seguramente hai casas máis pequenas onde vive máis xente, ao que o Sr. Alcalde lle dí que alí agora non reune os requisitos de habitabilidade, a Sra. Concelleira dille que claro alí agora mesmo non porque eles o deixaron deteriorar e aquilo non vale para nada, Continua indicando que aquí en Monfero se hai un problema de vivenda, xa saben o que teñen que facer, quitar o Plan Xeral de Ordenación, que eso é a primeira cousa, e que un problema de vivenda non se resolve habilitando alí tres habitacións, unha cociña e un salón para unha familia.

A Sra. Concelleira pregunta en que se van a invertir alí 240.000, o Sr. Alcalde dille que 240.000 é o que sale e que se vai a facer por moito menos que son os precios de mercado, D.^a María Belén Salido continua decíndolle que non entendían moi ben, e que a el lle dixeron por activa e por pasiva que había que rehabilitar

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

a escola do Xestal, e que non o está a facer, que meteu a escola do Val, que na escola do Xestal hai unha familia vivindo e é frecuentada polos cazadores e eles non pensaron na escola do Xestal, porque alí como haxa unha desgracia o Concello é o responsable. O Sr. Alcalde comenta que lle chegará o seu momento tamén, que a Sra. Concelleira lle pregunta que o seu momento cando vai a ser? Dentro de dez anos? Porque o teito seguramente non aguante tanto tempo e se derrube antes, e como haxa unha desgracia eles son os responsables.

Continua D.^a María Belén Salido Maroño indicándolle que os veciños lle están a pedir que arranxe a escola do Xestal, que ela non ten nada contra os do Val Xestoso, pero cando teñen unha demanda no Xestal como el dixo antes de cementar a cuneta, a escola do Xestal é unha demanda de fai moitos anos que a están a pedir, que non é de agora que esté aquilo derrubado e nunhas condicións pésimas para vivir alí alguén que non é de agora, que xa ven de anos atrás, e que eles deciden que a prioridade é rehabilitar unha vivenda no Val Xestoso e non actuar na do Xestal.

Prosegue a Sra. Concelleira dicindo que eles non pensan no futuro do Concello, que pensan en chegar a final de ano, adican 300.000 euros a gasto corrente, cousa normal porque hai que pagar luz, basura e certas cousas, pero que tamén esperan que parte dese diñeiro non serva para facer propaganda ao grupo de goberno, interrompe o Sr. Alcalde e dille que non son 300.000 euros, D.^a María Belén Salido dille que bueno que no chega pero casi. A Sra. Concelleira volve a indicar que esperan que parte dese diñeiro non serva para facer propaganda ao grupo de goberno.

D.^a María Belén Salido continua indicando que o que votan en falta son proxectos de futuro, que ten un problema no campo de fútbol e non pensa no campo de fútbol porque non o mete, que lle pediron unha reforma no centro de saúde, e non ven a reforma contemplada no Plan de obras da Deputación, que no centro de saúde hai un problema, máis de un, ten as escaleiras que dan noxo, nos baños das mulleres nun entra unha cadeira de rodas, que lle pediron un cuarto de sucios e que onde está, que non o están vendo.

Continua a Sra. Concelleira que eso hai que facelo, que as persoas que van ao centro de saúde se teñen que ir ao baño como entran, que hai que ter un pouco de sentido común á hora de repartir os cartos e ver onde se invirten e que iso para eles é prioritario; e máis cousas, o que comentaba antes das estradas, o saneamento que se fixo o que se fixo e aí parou, que a xente cada vez quere máis, máis servizos de maior calidade, pero eles pensan en chegar a final de ano e con isto xa libramos o ano e listo, pero o Concello é moito máis que chegar ao 31 de decembro, o Concello e ter un proxecto de futuro, para que o día de mañá, a xente que ven atrás porque ten saneamento, ten unha traída de auga municipal, pero que eles non pensan niso, que eles van ao fácil.

D.^a María Belén Salido comenta que o seu voto vai ser a favor, que no van votar en contra, que os veciños evidentemente non teñen culpa do goberno tan desastroso que temos, pero non é un aval á súa xestión, é por responsabilidade, porque realmente aínda que sexa unha repartición coa que non están moi de acordo de repartir 240.000 euros no que a escola agora mesmo non é unha prioridade, se non as estradas e outras cousas. A pesar diso, indica que o seu voto vai ser a favor pola responsabilidade e porque os veciños non teñen culpa.

O Sr. Alcalde indicalle que despois de todo ese repertorio vota a favor, que non o entende que hai que ser coherentes, que se está de acordo co Plan estás e se non estás en contra, a Sra. Concelleira interrompe e dille que eles están a ser coherentes, que os veciños non teñen culpa da mala xestión que están a facer ao que o Sr. Alcalde lle responde que está dicindo que non está de acordo coa repartición e vota a favor, que entón pode aforrarse o repertorio, ao que D.^a María Belén Salido lle contesta que están a favor porque hai veciños que están fastidiados porque teñen unha estrada que non poden saír da casa,

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Interrompe o Sr. Alcalde para dicir que non pode dicir que non está de acordo co Plan, ao que a Sra. Concelleira lle responde que eses 240.000 euros en vez de invertilos na escola do Val Xestoso que os invirta en estradas, ao que o Sr. Alcalde lle pregunta se está en contra de que vaia vivenda e lle responde que non están en contra de que vaia a vivenda, que o seu grupo está dicindo que hai outras prioridades; que non están en contra, que o goberno está buscando unha vía fácil para saír dun problema de vivenda.

O Sr. Concelleiro do Partido Socialista D. José Grueiro Torrado pide a palabra e Sr. Alcalde concédella.

D. José Grueiro preguntalle á Sra. Concelleira que se por exemplo pasa calquer cousa nunha familia e non hai onde metelas que ía dicir?

A Sra. Concelleira respóndelle que a familia de está vivindo no Xestal se cae a placa para baixo e que pasa, quen se fai responsable él?

Continua D. José Grueiro que aquela familia tiña que marcharse de alí, que leva aí toda a vida e non sae de alí, que van ter problemas ela e máis el para votalos de alí; que llo dí el.

D.^a María Belén Salido respóndelle que iso non llo ten que dicir a ela, que el está no goberno municipal e son eles o que teñen que tomar esas decisións, o Sr. Concelleiro dille que se non hai vivenda onde meter a xente é un problema que non mirar por nada e se se fai todo o contrario, que ela toda a vida foi ao contrario; que pense un pouco.

A Sra. Concelleira respóndelle que os que non pensan son eles, que lle pregunte aos veciños a ver cal é a prioridade que non se conta cos veciños para repartir os cartos.

O Sr. Alcalde pregunta se hai algunha intervención máis, non se produce, deseguido indica que a escola de Xiao tamén foi pedida polos veciños a Sra. Concelleira preguntalle que cantos veciños a pediron ao que o Sr. Alcalde responde que bastantes, que máis dos que pensa, e que se non, no iría aí metida, D.^a María Belén Salido respondelle que ten as súas dúbidas, que ela tamén fala cos veciños e a eles non lles piden nada de iso, que piden outras cousas, ao que o Sr. Alcalde lle responde que ao mellor o que lle piden a el a ela non llo din, a Sra. Concelleira dille que eles veñen aquí a representar aos veciños, o Sr. Alcalde dille que o mesmo que eles.

O Sr. Alcalde en funcións pregunta se hai algunha intervención máis, non se producen máis intervencións

O Sr. Alcalde indica que vai someter a votación. Procedese a votación. Por UNANIMIDADE, co voto favorable de todos os seus membros asistentes á sesión. (3 PsdeGPSOE, 4 PP e 1 BNG)

Ao non haber máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde en funcións levantou a sesión, ás dez horas e cincuenta e dous minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria en réxime de acumulación, certifícoo.

O Alcalde en funcións

A Secretaria en réxime de acumulación

D. Alberto Cortizas Rejo

D.^a Ana Ramos Ramos

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)